


FICCIÓN 2026

Estas son las longametraxes de ficción que formarán parte do Ciclo Mestre Mateo 2026



FICCIÓN: Antes de nós



Sinopse

Unha parella, dous momentos. Un baile continuo de separación e reencontro. Dúas historias entrelazadas: 1918. Castelao deixa a súa praza de funcionario en Pontevedra para traballar como médico en Rianxo durante a gripe española. Un heroe para o pobo, pero un home ausente para a súa muller, Virxinia. 1929. O matrimonio percorre Bretaña poucos meses despois da perda do seu único fillo. Dous seres rotos e un vínculo que xa non se entende. Unha viaxe que os unirá para sempre. Castelao antes de ser Castelao. Galicia antes da “xeración Nós”. Castelao e Virxinia antes de ser “nós”.

Duración: 85 min

Calificación por idades: Non recomendada para menores de 7 anos

Finalista nas categorías de:

Mellor longametraxe

Dirección de fotografía
Dirección de produción
Dirección
Guión

Interpretación Feminina de Reparto
Interpretación Feminina Protagonista
Interpretación Masculina de Reparto
Interpretación Masculina Protagonista

Dirección de arte
Longametraxe
Maquillaxe e Perruquería
Montaxe
Música orixinal
Son
Vestiarío

FICCIÓN: As liñas discontinuas



Sinopse

Bea é unha muller de 50 anos en proceso de divorcio e Denis un rapaz trans de 28 anos que loita contra a precariedade laboral, un suceso inesperado lévaos a coñecerse e este encontro transformará para sempre a súa realidade.

Duración: 90 min

Calificación por idades: Non recomendada para menores de 12 anos

Finalista nas categorías de:

Dirección de fotografía

Dirección de produción

Dirección

Guión

Interpretación Feminina Protagonista

Interpretación Masculina Protagonista

Maquillaxe e perruquería


Montaxe

Música orixinal

Son

Longametraxe

FICCIÓN: San Simón



Sinopse

Outubro de 1936. O franquismo abre campos de concentración por todo o territorio. Utilizan conventos, fábricas, escolas, prazas de touros, mosteiros... San Simón destaca debido á súa insularidade. O réxime converte o antigo lazareto nun lugar de morte onde os prisioneiros sofren a represión rodeados dunha beleza abafadora. Lamas lembra a memoria da illa sete anos despois, cando as autoridades decretan o peche do campo.

Duración: 107 min

Calificación por idades: Non recomendada para menores de 12 anos

Finalista nas categorías de:

Dirección de arte

Dirección de produción

Interpretación Masculina de Reparto

Interpretación Masculina Protagonista

Longametraxe

Maquillaxe e perruquería

Son

Vestuario

FICCIÓN: Sirāt



Sinopse

Un home e o seu fillo chegan a unha rave perdida en Marrocos. Buscan a Mar, a súa filla e irmá, desaparecida hai meses nunha desas festas sen amencer. Reparten a súa foto unha e outra vez, arrodeados de música electrónica e dun tipo de liberdade que descoñecen. Coñecen un grupo de raveiros e deciden seguielos a unha última festa que se celebrará no deserto, onde agardan atopar a moza desaparecida.

Duración: 114 min

Calificación por idades: Non recomendada para menores de 12 anos

Finalista nas categorías de:

Dirección de arte

Dirección de fotografía

Dirección de produción

Director

Guión

Son

Longametraxe


Maquillaxe e perruquería

Montaxe

Música orixinal

Vestuario

DOCUMENTAL: 360 Curvas



Sinopse

360 curvas marcan a distancia que separa A Fonsagrada de Lugo. Este camiño longo, difícil e descendente entre montañas reflicte o declive dun lugar que, a comezos dos anos 90, decidiu loitar pola súa supervivencia.

Duración: 80 min

Calificación por idades: Non recomendada para menores de 7 anos

Finalista nas categorías de:

Documental

DOCUMENTAL: Ao son da nova regueifa



Sinopse

Todo comeza cunha busca, a da Nova Regueifa. Nese proceso, rematamos decatándonos de que xa estamos camiñando ao son dela. Este documental propón unha viaxe na procura das pontes construídas entre a Regueifa tradicional e as súas expresións máis contemporáneas, afondando no proceso de recuperación e transformación desta arte da improvisación oral na Galiza. Nun percorrido que atraveso o país de norte a sur, coñecemos regueifeiras e regueifeiros que nos abren as portas ao mundo do repentismo, traendo á fronte o talento, a creatividade e a diversidade que caracteriza a Regueifa hoxe en día. Neste itinerario que vai de Bergantiños a Vigo, non deixan de presentárenos unha serie de opostos: tradición e modernidade, aldea e cidade, aprendizaxe innata e pedagogía... A través de testemuñas apaixonadas, versos improvisados e moita música, trazamos un retrato poliédrico da Regueifa contemporánea: unha arte con raíces fondas e ás abertas, disposta a seguir improvisando polos camiños do vento.

Duración: 60 min

Calificación por idades: Non recomendada para menores de 12 anos

Finalista nas categorías de:

Documental

DOCUMENTAL: Deuses de pedra



Sinopse

Mariana, unha nena de catro anos, descobre o mundo a través dos ensinamentos da súa mestra, nunha das últimas escolas rurais na fronteira entre Galicia e Portugal. Os contos infantís mestúranse coas lendas e historias que aínda habitan o lugar. Entre relato e relato Mariana crece e aos seus dezasete anos confróntase a unha importante decisión, partir da súa aldea, separarse da súa nai para ir estudar ao estranxeiro.

Duración: 86 min

Calificación por idades: Non recomendada para menores de 12 anos

Finalista nas categorías de:

Documental

DOCUMENTAL: O silencio herdado



Sinopse

LUCÍA (27) achégase á súa avoa EDILIA (86) buscando respostas, pero só atopa silencio. O silencio de EDILIA é longo, de raíces profundas. Un silencio escuro, doloroso, imposible de romper. Cando LUCÍA entende que EDILIA nunca lle dará as respostas que busca, decidirá mirar ese silencio, escoitalo con paciencia e determinación, tratando de comprendelo. EDILIA, tal vez querendo, tal vez sen querer, acompañaraa. Xuntas exploran os límites da palabra e da imaxe, facendo dese silencio o seu lugar de encontro.

Duración: 82 min

Calificación por idades: Apta para todos os públicos

Finalista nas categorías de:

Documental